



María Sieira Rios, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a cobertura temporal de prazas de SUBALTERNO ou CONSERXE (Expte. 2025 PSEL000008),

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 8:30 horas do día 09/05/2025, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na “ACTA NÚMERO 2.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS. REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.”

(...)

O obxecto da constitución do Tribunal Avaliador e, en primeiro lugar, a resolución das reclamacións presentadas por algúns dos/as aspirantes desde proceso selectivo ás puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos e, en segundo lugar, proceder á realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

En relación ás reclamacións ás puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos, constan presentadas as seguintes reclamacións:

1ª.- Escrito presentado por **Elena Mos Mirás**, con DNI número *****3042****, rexistrado de entrada na data 06/05/2025 co número 10388, no que solicita que se revise a puntuación dos cursos.

2ª.- Escrito presentado por **Yolanda Fernández Suárez**, con DNI número *****9786****, rexistrado de entrada no SIR na data 06/05/2025 co número de rexistro 20254150000053384 (rexistrado de entrada no Concello de Ribeira na data 07/05/2025 co número 2025 00010579), no que solicita que se lle teñan en conta os servizos prestados na categoría de subalterno ou ordenanza que presta actualmente no Instituto Nacional da Seguridade Social, e que non se tiveron en conta na valoración dos méritos. Achega coa súa reclamación a súa última nómina e unha convocatoria do Ministerio de Cultura na que se nomea expresamente o Grupo Profesional E1 – Especialidade: Servizos Administrativos (Ordenanza).

Estudadas as referidas reclamacións polo Tribunal Avaliador, e revisados os méritos acreditados en tempo e forma polas citadas aspirantes, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación presentada por Elena Mos Mirás, xa que revisados os méritos presentados pola aspirante no apartado de formación, non se atopa erro algún na súa valoración por parte do Tribunal Cualificador. Achégase extracto da Acta número 1, no que se recolle expresamente a valoración da formación acreditada pola Sra. Mos Mirás:

26º. Elena Mª Mos Miras. Puntuación total: 7 + 1,20 = 8,20						
Formación (máximo 3 puntos)	Mérito		Impartido	Horas	Valorable	Motivo
	Curso	sobre	Deputación da	20	Si	
	Microsoft	Access	Coruña			

1





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

	2007 Básico.					
	Curso Relacións coas Administracións Públicas. Réxime Xurídico das AAPP e procedemento administrativo común.	CCOO	120	Si		1
	Curso de Autoemprego	Confederación de Empresarios de Galicia e Consellería de Educación	Non constan	Non	Non ten relación e non constan as horas	0
	Curso de Organización dun evento deportivo.	Universidade de Vigo	4	Non	Non se acadan as horas mínimas	0
	Participación no I Congreso Internacional de Ciencias do Deporte e II Seminario Nacional de Nutrición, Medicina e Rendemento no xove deportista.	Universidade de Vigo	32	Non	Non é un curso nin unha acción formativa e non ten relación	0
	Participación no II Congreso Internacional de Ciencias do Deporte; IV Seminario Nacional de Nutrición, Medicina e Rendemento no xove deportista.	Universidade de Vigo	32	Non	Non é un curso nin unha acción formativa e non ten relación	0
	Participación no III Congreso Nacional de Ciencias do Deporte: Nutrición, Medicina e Rendemento no xove deportista.	Universidade de Vigo	32	Non	Non é un curso nin unha acción formativa e non ten relación	0
	Curso de Mecanografía.	Real Sociedade Económica de Amigos do País	Non constan	Non	Está impartido por unha entidade privada sen colaboración dunha AAPP	0



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 12/05/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/05/2025 11:58:03

EXPEDIENTE ::
2025PSEL000008

Fecha: 18/03/2025

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E90017B40500E5V6R3F6S9F8





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

SEGUNDO.- Estimar a reclamación interposta por Yolanda Fernández Suárez, ó entender este Tribunal que coa documentación que achega resultan acreditados os servizos prestados como “ordenanza” no Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

TERCEIRO.- Ratificar a puntuación outorgada a Elena Mos Mirás no apartado de formación.

CUARTO.- Rectificar a puntuación outorgada a Yolanda Fernández Suárez no apartado de experiencia profesional, pasando de 0 puntos a 1,24 puntos, resultado da realización da seguinte operación, en aplicación da base 8ª da convocatoria: $187 \text{ días segundo dispón a Vida Laboral} / 30 = 6,23 \times 0,20 = 1,24 \text{ puntos}$.

QUINTO.- Proceder á publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (**sede electrónica**), e, de ser posible, na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal), dos acordos adoptados por este Tribunal.

(...)

Acto seguido, o Tribunal diríxese ó Centro Cultural Lustres Rivas, onde está citados os/as aspirantes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

(...)

Rematada a realización do exercicio, e trala corrección do mesmo realizada polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Publicar a plantilla das respostas correctas do primeiro exercicio da fase de oposición, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

SEGUNDO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan **as puntuacións que en cada caso se indican polo primeiro exercicio da fase de oposición.**

Nº	Apellidos e nome	Puntuación
1º	Agilda Iglesias Aida	8,5
2º	Carracedo Rama Marcos	Non apto
3º	Casanova Castro Alfonso José	10
4º	Castaño Piñeiro Jordi	11,5
5º	Castro Rivas Borja Francisco	7,5
6º	Cernadas Vilela Alberto José	Non presentado
7º	Cores Ces Mª Fernanda	Non presentada
8º	Crujeiras Sampedro Francisco Javier	Non presentado
9º	Enríquez Prego Rosa Mª	7,5
10º	Fernández Suárez Yolanda	11,5
11º	Fernández Valiño Marta María	12
12º	García García Loreto	11,5
13º	García Paz Natalia	8





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

14º	González García Ruth	11
15º	Lampón Gude Ana Margarita	Non presentada
16º	Lijó González Juan Manuel	Non apto
17º	Manteiga López José Francisco	9,5
18º	Mariño Corbelle Mª Begoña	12,5
19º	Mariño Rey Gemma	Non presentada
20º	Martínez Lago Patricia	Non presentada
21º	Martínez Rama Alicia	7,5
22º	Mayo Fernández Laura	8,5
23º	Miniño Santos Javier	9,5
24º	Montemuiño Rodríguez Raquel	10,5
25º	Moreno Bustamente José Antonio	7,5
26º	Mos Miras Elena María	9
27º	Muñiz Vilar Francisco Antonio	10
28º	Nieto González Beatriz	7,5
29º	Otero Maceiras Francisco Javier	10
30º	Outeiral Miranda Sergio	Non presentado
31º	Pacheca Flores Carlos	7,5
32º	Pardavila Santos José Manuel	8
33º	Prado Sánchez Gustavo	Non presentado
34º	Prol Castro Teresa	Non presentada
35º	Puente Vázquez Ramón	Non presentado
36º	Queiruga Fernández Christian	7,5
37º	Rego Castro Cipriano	10
38º	Sampedro Muñiz Silvia	11
39º	Sampedro Rivas Tamara	Non apta
40º	Sio Docampo José Manuel	13,5
41º	Sobrido Rey Diana	9,5
42º	Sobrido Rey Nieves	11
43º	Torrado Blanco Anxos	7,5
44º	Vaamonde Santos José Manuel	Non presentado
45º	Vigo Rial Olimpio	10
46º	Vilanova Blanco Daniel	Non presentado
47º	Vilas García Jacobo	Non apto

TERCEIRO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e, de ser posible, na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación do primeiro exercicio da fase de oposición do xeito que se detalla no cadro anterior.

CUARTO.- De conformidade coa Base 8.1.3. das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración do primeiro exercicio da fase de oposición os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de UN (1) día hábil, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

QUINTO.- Convocar ós/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición, **para a realización do segundo exercicio da fase de oposición (REALIZACIÓN DUNHA OU VARIAS PROBAS PRÁCTICAS)**, de conformidade coa Base 8.1.2, das que rexen este proceso selectivo, **no lugar, data e hora que a continuación se dispón:**

Dende Agilda Iglesias Aida ata Mariño Corbelle M^a Begoña:

<u>Lugar</u>	<u>Data</u>	<u>Hora</u>
Polideportivo Alcalde Torres Colomer (Rúa Barreiro, s/n, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira	<u>15/05/2025</u>	<u>8:15</u>

Dende Martínez Rama Alicia ata Queiruga Fernández Christian:

<u>Lugar</u>	<u>Data</u>	<u>Hora</u>
Polideportivo Alcalde Torres Colomer (Rúa Barreiro, s/n, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira	<u>15/05/2025</u>	<u>11:00</u>

Dende Rego Castro Cipriano ata Vigo Rial Olimpio:

<u>Lugar</u>	<u>Data</u>	<u>Hora</u>
Polideportivo Alcalde Torres Colomer (Rúa Barreiro, s/n, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira	<u>15/05/2025</u>	<u>16:30</u>

Os/as aspirantes acudirán provistos/as do seu Documento Nacional de Identidade.

SEXTO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90017B40500E5V6R3F6S9F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 12/05/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/05/2025 11:58:03

EXPEDIENTE ::
2025PSEL000008

Fecha: 18/03/2025

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

